



O asociacionismo do maxisterio ourensán no primeiro terzo do século XX

Primary school teachers' associations in Ourense in the early decades of the 20th century

Xosé Manuel CID FERNÁNDEZ
Universidade de Vigo

Rosa María CID GALANTE
Centro de Educación para Adultos (EPAPU) de Ourense

RESUMO: Este estudo trata da creación e os propósitos da Asociación Provincial de Mestres en Ourense. Tamén analiza o intenso labor das asociacións dos diferentes partidos xudiciais e o seu funcionamento interno, organización, implicación dos asociados e accións máis destacadas. Os docentes van ver no asociacionismo unha posibilidade para demandar melloras na súa situación profesional e na súa consideración social e tamén un medio para fomentar a solidariedade. Todo iso enmárcase no primeiro terzo do século XX que é un período de importantes cambios no ámbito educativo.

Aínda que, efectivamente, as asociacións de mestres tiñan certa inquietude reivindicativa, tamén é certo que non supuxeron unha preocupación para a Administración, pois actuaban dentro dun marco de respecto á autoridade administrativa e non eran, en absoluto, excesivamente esixentes nin combativas con ela.

PALABRAS CHAVE: Mestres; Asociación; Reivindicación; Sentido de clase; Ourense.

ABSTRACT: The article examines the creation and aims of the Provincial Association of Primary School Teachers in Ourense, and the individual activities, structure, organisation, and significant members and actions of the smaller district associations. Associationism allowed teachers the chance to demand improved conditions and status for the profession, and to promote solidarity among them. The research spans the first third of the 20th century, which saw important changes in the field of education. Despite the concerns and demands expressed by the associations, they were not perceived as a threat by the authorities, as they operated within a framework of respect for those in power and were never excessively demanding or combative in their relations with them.

KEYWORDS: teachers; association; demands; class consciousness; Ourense

En Ourense non podemos falar dun asociacionismo de pleno dereito ata a implantación da Segunda República en 1931, ao abeiro das liberdades decretadas no novo esce-

nario democrático, e das perspectivas de mellora real da escola pública e da profesión de ensinantes. Nos 50 anos anteriores, os tímidos intentos asociativos estaban condicionados por unha realidade que pouco alentaba a conciencia colectiva: un sector profesional dividido en escalas, disperso en centos de escolas unitarias rurais, un rol social consolidado durante moitas décadas que se caracterizaba pola submisión, relixiosidade, espello de moral e costumes,¹ corrección na dicción, neutralidade nas liortas socio-políticas, ao que se suma unha realidade socioeconómica de subsistencia cun feble movemento obreiro. En provincias rurais coma a nosa, desmarcarse dese perfil de mestre era “causa de terribles males”, igual que noutros territorios con predominio do mundo rural. Así escribe Lourdes Espinilla para referirse ao maxisterio de Palencia: “[existía] el principio de que el maestro debía ‘vivir en este mundo con resignación cristiana, con sumisión a la autoridad establecida y sin anarquía. En el cuerpo escolar católico docente debe reinar la más completa disciplina; el más ciego respeto a nuestros gobernantes; el amor más vivo que profesarse pueda a la Patria querida’”, recollendo as palabras na prensa local de 1926 de José de los Bueis Negrete, mestre de Baltanás e presidente da Asemblea de Mestres do Partido Xudicial.²

A favor contaba o malestar pola situación precaria do sistema educativo e polos baixos salarios, os discursos renovadores que proviñan de ideoloxías progresistas, nomeadamente da Institución Libre de Enseñanza, os partidos liberais e de esquerdas, unha abundante prensa pedagóxica con editoriais reivindicativos, as reformas máis ou menos fondas promovidas por ministros liberais e, no caso de Ourense, un activo movemento agrario, un renacemento cultural da man da Xeración Nós, e as ideas frescas chegadas de América, con proxectos pedagóxicos que as puxesen en práctica.

Para achegarnos á evolución deste movemento asociativo partimos dunha breve análise da situación da escola e da profesión durante a Restauración, para deternos logo nos principais gromos asociativos e a súa significación histórica.

A situación da escola e da profesión viu alterada a súa dinámica tradicional con decisións importantes, como foron a creación das Escolas Normais, para promover certa uniformidade na formación, así como a creación do Ministerio de Instrución Pública do que pasan a depender os docentes, ata daquela sometidos ás arbitrariedades de gobernos locais e provinciais. Definitivamente, a República tentou avances definitivos no modelo de escola pública e dignificación da profesión docente, con tráxico final, e fondos retrocesos.

Nesa dinámica tradicional, os anos oitenta viron agromar as primeiras tentativas asociativas, para as que se creou un marco legal en 1887,³ e o primeiro terzo do século XX foi

¹ Antón Costa Rico, “Magisterio”, *Gran Enciclopedia Gallega*, XX, 45 (Santiago: Silverio Cañada editor, 1974). A data de edición coincide co primeiro tomo da enciclopedia, polo que o tomo XX, que inclúe este rigoroso estudo sobre o maxisterio, puido ser publicado unha década mais tarde.

² M.^a Lourdes Espinilla Herrarte, “El magisterio palentino en el primer tercio del s. XX: del ideal regeneracionista a la realidad cotidiana”, *TABANQUE: Revista pedagógica*, 23 (2010): 243-260.

³ *Gaceta de Madrid*, 12 xullo de 1887. Aínda que a lei sinala no artigo 1 que “El derecho de asociación podrá ejercitarse libremente, conforme a lo que preceptúa esta ley. En su consecuencia, quedan sometidas a las

o tempo de expansión dun modelo de asociacionismo provincial, e por partidos xudiciais, cun funcionamento intermitente e con intentos de federación a niveis galego e estatal, a través dos que poñer en común as problemáticas sufridas, amais de facer forza conxunta ante a Administración. Ourense conta con gromos importantes de asociacionismo e prensa pedagóxica nas dúas últimas décadas do XIX, primeiro ao redor da revista *La Instrucción* en 1880,⁴ e posteriormente coa creación da asociación provincial en 1899.

Á marxe dese modelo de asociacionismo corporativo, pouco incómodo á Administración, xurdían tentativas con menor apoio entre o maxisterio, pero asociadas ao movemento obreiro, compartindo reivindicacións e loitas cos demais camaradas das casas do pobo. Este paso en Ourense non se dá ata o primeiro ano republicano.

Se ben é certo que a toma de conciencia do maxisterio por organizarse –co afán de demandar asuntos relacionados coa súa situación profesional, social e económica e resolver cuestións preocupantes en relación coa pedagogía, a formación do maxisterio, o analfabetismo, a implicación no desenvolvemento e elevación da cultura da sociedade– non resultou, como sinalamos anteriormente, incómoda para a Administración, pois a propia lei que permitía a súa organización establecía os límites, e era moito máis extenso o articulado que desenvolvía as causas e consecuencias da disolución que as que animaban a organizarse. Tan só desde sectores de esquerda se íría máis alá dos marcos da lei de asociacións, ao se sumaren a colectivos de cambio socio-político que xurdían a medida que avanzaba o século XX; por exemplo, as asociacións de traballadores do ensino que, malia seren minoritarias, combatían ao lado dos demais traballadores rompendo con ese tradicional neutralismo, que por outra parte non era unha neutralidade crible. Crebando esa pretendida imparcialidade, pero na dirección contraria, o século XX tamén vería nacer as asociacións católicas de mestres, especialmente combativas contra o modelo educativo republicano.

Crónica dunha profesión maltratada

O concepto que se foi forxando sobre os docentes de comezos de século ten moito que ver cos requisitos esixidos na época para desempeñar esta profesión. Pódese comezar dicindo que, lonxe do que puidese pensarse, as esixencias para ser docente eran mínimas ata mediados do século XIX. En efecto, para rexer unha escola de ensino primario, tal como indicaba o artigo 181 da Lei Moyano, requiríase ser mestre titulado para as escolas completas, pero para as incompletas e as de párvulos era suficiente ter un certificado de moral e aptitude expedido pola xunta local e visado polo gobernador da

disposiciones de las mismas las asociaciones para fines religiosos, políticos, científicos, artísticos, benéficos y de recreo, o cualesquiera otros lícitos que no tengan por único y exclusivo objeto el lucro o la ganancia”, non pode pasar desapercibida a referencia ao artigo 11 da Constitución de 1876, en que se establece a confesionalidade do Estado e, por tanto, da educación. As liberdades proclamadas no Sexenio Revolucionario sempre tropezarían coa reacción virulenta de sectores conservadores, que non dubidaban en encargar o control das escolas que funcionaban en entidades menores de 500 habitantes ao propio crego da parroquia.

⁴ Antón Costa Rico destaca esta revista como a primeira “dedicada á defensa do ensino e do maxisterio”, vid: *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo: Edicións Xerais, 2004), 1002-1003.

provincia. Certificado de aptitude que foi suficiente para exercer nesas escolas incompletas no que quedaba de século, con tentativas aínda máis radicais, como a lei de xuño de 1868, antes do período revolucionario, que chegou a pechar as Escolas Normais, e regular que podía exercer a docencia todo español que acreditase, ademais do título de aptitude, unha boa conduta moral e relixiosa e ser maior de 22 anos. Tamén poderían aspirar ao diploma de aptitude quen aprobase para o exame de ingreso nalguna escola das recoñecidas pola lexislación vixente e quen tivese o título académico no bacharelato en Artes, na universidade ou seminario (artigos 31 e 32 do 2 de xuño de 1868).⁵

Unha mostra evidente de que a Administración, nas frecuentes etapas de dominio conservador, sentía desprezo polo ensino que se lle dispensaba á infancia das clases populares era o non-requirimento de titulación para rexer en determinadas escolas públicas e por suposto nas privadas –o control sobre as escolas privadas era mínimo e as máis delas estaban rexidas por ensinantes sen acreditación profesional e que gozaban dunha ampla liberdade de ensino–, o que deu como resultado unha práctica escolar carente da máis mínima calidade pedagóxica e coa consabida diferenciación entre unhas escolas e outras segundo fosen estas atendidas por titulados ou acreditados por certificado, situación que redundaría nunha falta de consideración cara aos docentes. O descrédito dos profesionais do ensino era máis que suficiente, de aí a necesidade de ir mellorando a súa profesionalidade e dignificación social e institucional, pois incluso aqueles que tiñan título non estaban exentos de pasar penurias, aínda que as esixencias eran máis de tipo ideolóxico-político que de tipo técnico-pedagóxico.

Chegados á nova centuria, cando o Estado toma as rendas da educación a través do Ministerio de Instrución Pública, dáse un paso importante na profesionalización, malia seguiren vixentes os certificados de aptitude, expedidos entón polas Escolas Normais. O cobramento con cargo ao Estado resolve algúns dos problemas, pero haberá que agardar a 1911 para que se unifiquen eses salarios sen depender do tamaño da poboación en que se exercía, e dúas décadas máis para acabar coa discriminación por escala, só unificadas coa chegada da Segunda República, cando se equiparan os mestres da segunda escala ao salario mínimo da primeira (3000 pesetas anuais fronte ás 2000 que cobraban en 1930).⁶ O Ministerio de Romanones en 1900 representa ese avance na secularización do ensino, con protagonismo estatal, freando o monopolio da Igrexa. Fai fronte a graves problemas educativos cuns obxectivos prioritarios: fortalecer a formación docente –que sería un dos seus cabalos de batalla, urxindo a reforma das Escolas Normais para revalorizar o ensino primario, e organizar estes estudos con carácter específico para elevar o nivel cultural, intelectual, moral e social dos/as mestres/as, aprendendo os modernos procedementos pedagóxicos para aproximarse ás tendencias europeas⁷–, e reforzar a

⁵ Ministerio de Educación y Ciencia, *Historia de la educación en España: de las Cortes de Cádiz a la Revolución de 1868* (Madrid: Secretaría General y Técnica, MEC, 1989), II, 278-279 e 306-307.

⁶ Xosé Manuel Cid Fernández, *Educación e Ideoloxía en Ourense na IIª República*. (Santiago: Servizo de Publicacións da Universidade, 1989); segunda edición en 2010 da Editorial Andavira.

⁷ Apréciase a preocupación que o novo ministro ten sobre a precaria formación e preparación dos docentes no discurso de inauguración do curso na Universidade de Salamanca. *Vid*: Conde de Romanones, "Discurso

función inspectora cun perfil técnico que substituíse o control político de etapas anteriores –reforzo sustentado nunha serie de normativas que non sempre se cumprían⁸– co fin de exercer un control sobre os docentes do ensino público e privado, acoutando a total liberdade para crear unha escola (RD do 1 de xullo de 1902 e normas complementarias).⁹

É ben certo que as intencións eran encomiables, pero as estruturas e inercias educativas da centuria pasada eran unha rémora para levar a cabo as transformacións. Efectivamente, había un gran número de ensinantes con certificado de aptitude e sen titulación que impartían nas escolas incompletas, non susceptibles de seren reciclados e, malia a convicción do lexislador da necesidade de esixir a titulación profesional a todos aqueles que querían dedicarse ao ensino ou fundar unha escola privada, nada se fixo ao respecto.¹⁰ Unha situación criticada na época polos bos coñecedores do ensino, como Victoriano F. Ascarza (ex-conselleiro de Instrución Pública e director de El Maxisterio Español), que se lamentaban de que o Goberno non tivese o valor suficiente para establecer o principio fundamental de que para o exercicio docente se esixise o título profesional.¹¹

Ourense contaba nese momento en 1900 con preto de 650 escolas públicas das máis de 2000 existentes en Galicia, cifras que se duplicarían no primeiro terzo do século. Apenas se crearon corenta máis en toda a primeira década do século XX. Á insuficiencia de escolas uníanse outras limitacións: o control caciquil seguía a ser máis frecuente que o da Inspección educativa; estaban diseminadas en lugares moi illados e mal comunicados; os mestres cobraban uns baixos soldos; as autoridades locais púñanlles pexas e

leído en la Universidad de Salamanca en la inauguración del curso académico 1902-1903” en Ministerio de Educación y Ciencia, *Historia de la educación en España: de la Restauración a la Segunda República* (Madrid: Secretaría General y Técnica, MEC, 1989), III, 352-357.

Sobre as Escolas Normais *vid.*: Manuel B. Cossío, *La enseñanza primaria en España* (Madrid: Fontanet, 1897); Manuel de Guzmán, *Vida y muerte de las Escuelas Normales* (Barcelona: PPU, 1986); Aurora Marco López e Ángel S. Porto Ucha, *La Escuela Normal de Santiago de Compostela* (A Coruña: Universidade de Santiago, 2000); Narciso de Gabriel, “Historia de la profesión docente en España”, en Antón Novoa e Julio Ruíz Berrio (eds), *A história da educação em Espanha e Portugal. Investigações e actividades* (Lisboa: Sociedade Portuguesa de Ciências da Educação, Sociedade Española de Historia de la Educación, 1993), 137-156.

⁸ Reais decretos do 12 de abril de 1901, 26 de agosto de 1902, 18 de agosto de 1905, 18 de novembro de 1907 e 5 de maio de 1913.

⁹ *Vid.* P Ferrer y Rivero, *Tratado de Legislación de Primera Enseñanza* (Madrid: Librería de los Sucesores de Hernando, 1915), 915-937; Ministerio de Educación y Ciencia, *Historia de la educación en España. De la Restauración a la Segunda República*, 174-175; Elías Ramírez Aisa, *Génesis y configuración de la inspección de educación en la España liberal (1808-1874)*, (Madrid: UNED, 1998); Alfredo Mayorga Manrique, “La inspección en el nivel de la educación primaria. Proceso histórico”, *Revista de Educación* 320 (1999), 18-38; María Teresa López del Castillo, *Historia de la inspección de primera enseñanza en España* (Madrid: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, 2013).

¹⁰ As intencións de Romanones por controlar o ensino privado fracasaron, pois ata ben entrado o século XX aínda seguían funcionando establecementos deste carácter rexidos por ensinantes sen titulación e o control das autoridades limitouse á inspección do local. *Vid.*: Carmen Benso Calvo e Rosa María Cid Galante, “La enseñanza privada en Ourense a comienzos de siglo”, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación* 8 (2004): 43-77.

¹¹ Victoriano Fernández. Ascarza: *Diccionario de Legislación de Primera Enseñanza* (Madrid, El Magisterio Español, 1913), 206.

desatendían as súas peticións; e a Inspección non chegaba a resolver os asuntos máis perentorios.

Sen dúbida, predominaban os mestres e mestras da segunda escala, que cobraban 500 ou 600 pesetas anuais, e non lles interesaban nin á Asociación Nacional del Magisterio Primario, polo que tiveron que crear os seus propios órganos reivindicativos, como foron a Liga de Maestros Rurales, ou a Unión Nacional de Maestros, coñecida como “Asociación dos Mestres con Dereitos Limitados”, creada en 1911. Esta vergoña non se resolvería ata a Segunda República, cando en Ourense contaba con 1170 mestres, dos cales 527 aínda pertencían ás categorías segunda e terceira da segunda escala, con salarios de 2000 pesetas anuais, fronte ás 3000 da categoría mais baixa da primeira. Case o 50 % nivel provincial, o que supuña case un 10 % de todos os mestres do estado nesa categoría de 2000 pesetas. Isto facía que o salario medio do maxisterio en Ourense fose de 2600 pesetas, fronte ás 3160 de media estatal.¹²

O salario non era o peor dos males. A fiscalización exercida, en gran medida, polas autoridades locais cara aos docentes provocaba neles un desencanto xeral pois apreciaban a pouca estima e prestixio que tiñan. Por tal motivo, non eran raras as queixas que manifestaba o maxisterio das escolas rurais ourensás, algo que xa puxemos de manifesto noutros traballos.¹³ Na documentación do Arquivo Provincial de Ourense amplíase a manifestación dese malestar docente, ao que responde a Inspección cunha cualificación moi baixa ao considerar a maior parte do profesorado como moi regulares ou malos canto ao exercicio da súa profesión.¹⁴

Nesa documentación rexístranse exemplos de persecución por parte das xuntas locais, como é o caso dunha mestra que denunciaba os abusos do gobernador civil de Ourense ao enviarlle a garda civil á localidade para formular preguntas aos veciños sobre a súa conduta e moral.¹⁵ Ou as protestas feitas polos mestres de Xinzo ao seren denun-

¹² Xosé Manuel Cid Fernández, *Educación e Ideoloxía en Ourense na IIª República*, 39-40.

¹³ Xosé Manuel Cid Fernández, *Escola, democracia e república* (Vigo: Concello de Ourense/Universidade de Vigo, 1994), 133-145. Pode verse unha descrición da situación escolar que se encontran os gobernantes republicanos, entre cuxas deficiencias destaca a deterioración xeral de espazos, e medios materiais, así como os rutineiros hábitos de docencia e o control ideolóxico exercido polas xuntas locais de primeiro ensino, integradas por maioría de persoas alleas á docencia.

¹⁴ Por medio da documentación atopada no Arquivo da Delegación Provincial de Ourense: *Registro general de escuelas y cualificación de maestros propietarios (1909-1910)*, Libro 212 fíxose un estudo estatístico sobre a percepción que se tiña do profesorado. Esta fonte consiste nun rexistro de escolas de Ourense en que aparecen uns parámetros valorados polo inspector ou inspectora de zona. Os parámetros referíanse ao estado do local e do material; titulación e soldo do profesorado; sancións ou premios recibidos; trato ou carácter coa autoridade e resultados do alumnado. Deixábase para o final o apartado de observacións. Despois de facer os pertinentes cálculos os resultados deron que só o 33 % das mestras e o 14 % dos mestres eran valorados positivamente e un 15 % e un 25 % respectivamente eran considerados malos ou malísimos. Para coñecer máis polo miúdo a fonte e os resultados véxase Rosa María Cid Galante, “A percepción dos docentes do ensino primario ourensán a comezos do século XX un profesorado en entredito”, *Sarmiento: Anuario Galego de Historia da Educación*, n.º 11 (2007): 37-57.

¹⁵ María de la Consolación, “Las maestras contra el gobernador”, *La Zarpa*, 19 de novembro de 1922, p. 1.

ciados por mala conduta por non quererem que a xunta local examinase os progresos do seu alumnado.¹⁶

Todo iso podía derivar nun abandono das escolas,¹⁷ o que daba lugar a que os veciños denunciases ao mestre ou mestra ante á Inspección que, segundo a infracción, aplicaría unha sanción.¹⁸

A situación facía que o asociacionismo fose visto polos ensinantes como unha maneira de resolver os problemas, xa que os axudaría a xestionar e vehicular as súas peticións ante as autoridades e a Administración, aínda que o mapa do asociacionismo é moi plural, pola diversidade de problemáticas que afectaban aos distintos colectivos e mais polo colaboracionismo ou distanciamento das políticas oficiais.

Sinxelo apuntamento sobre o marco asociativo a nivel estatal e internacional

Aida Terrón e Antonio Viñao¹⁹ avisan nun recente artigo, relacionado con esta temática, que “non pretenden levar a cabo un estado da cuestión”. Nós estamos moito mais lonxe dese propósito, o que nos leva a titular esta epígrafe de maneira que o lector saiba que se vai encontrar un breve esquema que sirva de marco para a comprensión do apartado mais orixinal sobre o asociacionismo ourensán. Igual que o texto citado, temos que remitir aos estudosos para unha análise en profundidade do asociacionismo do maxisterio no marco dos movementos obreiros daquela etapa. Desta forma, ademais dos autores sinalados,²⁰ remitimos aos rigorosos traballos de Francisco de Luís Martín, Jean Louis Guereña, Alejandro Tiana, Pere Solà, Jordi Monés, Luis Miguel Lázaro, Antón Costa, Manuel Ferraz, Marta Jiménez, Paloma O’Malley ou Tamar Groves. Eu Ourense, alén dalgúns traballos nosos, son referencia obrigada as investigacións de Julio Prada ou as de Javier Quintas sobre o movemento obreiro local.²¹

¹⁶ Arquivo do Concello de Xinzo de Limia (ACXL), *Actas da Xunta Local*, caixa 821.

¹⁷ Rosa María Cid Galante, *O ensino primario en Ourense (1900-1930)* (Ourense, Deputación Provincial de Ourense, 2017), 152-158; “A percepción dos docentes do ensino primario”, 37-57.

¹⁸ A.H.U.S *Ensinio Primario. Comunicacions-Inspección. 1859-1918*, Caixa 87. Esta fonte manuscrita consistía en cartas, informes ou breves comunicados que enviaba a xunta local ou directamente os veciños e/ou párrocos á Inspección para dar unha queixa sobre a actitude do mestre. Para coñecer como era o proceder nas denuncias e as persoas que adoitaban a tramitala é preciso acudir ao traballo; véxase Rosa María Cid Galante, “A percepción dos docentes do ensino primario”.

¹⁹ Aida Terrón e Antonio Viñao, “Educación, movimiento obrero y sindicalismo (España, siglo XX)”, *Historia de la Educación* 37 (2018): 69-114.

²⁰ Aida Terrón leva realizado ao longo de varias décadas achegas extraordinarias a esta temática, entre elas “El movimiento asociacionista del magisterio nacional”, *Historia de la Educación. Revista Interuniversitaria*, 6 (1987): 279-300; “Cien años de defensa colectiva: la dinámica societaria y sindical del Magisterio Español”, *Sarmiento: Anuario Galego de Historia da Educación*, 3 (1999): 157-182; ou “Coordenadas del asociacionismo profesional de los docentes. Estado de la cuestión en España”, *Historia y Memoria de la Educación*, 1 (2015): 93-13.

²¹ Julio Prada, *Violencia política, protesta social e orde pública no Ourense republicano* (A Coruña: Edicións do Castro, 2007); Francisco Javier Quintas, *Historia do movemento obreiro socialista en Ourense (1895-1936)*, (Santiago: Fundación Luís Tilve, 2012).

Na década dos oitenta agromaron algunhas asociacións, con ese perfil profesional e corporativo, que as caracterizará no medio século posterior. En 1883 organízase a Asociación General del Profesorado Español e no ano 1891 tivo lugar en Madrid unha asemblea nacional, moi reivindicativa, pero que deu paso a unha década de certa parálise, ata o final do século en que se reorganizan algunhas asociacións provinciais (Ourense e Pontevedra entre as primeiras en 1899) e, finalmente, apareceu a Asociación Nacional del Magisterio Primario (ANMP) creada en agosto de 1901 con carácter estatal.

O impulso decisivo puido estar relacionado coa creación do Ministerio, que asume directamente o pagamento dos salarios, o cal pon fin á longa etapa de dependencia dos caciques locais e provinciais e a unha etapa en que se cobraba pouco, tarde e mal. Deran os seus froitos as propostas institucionistas de política educativa, ademais da presión do colectivo profesional, organizado de maneira intermitente, pero coa proxección de aglutinar unha ampla porcentaxe dos e das profesionais do ensino primario capaces de daren continuidade ás conquistas efectuadas, máis alá da afinidade ou non cos ministros de cada momento. Basicamente ese primeiro impulso pode resumirse nas propostas que sinala Aida Terrón:

Financiación estatal de todos los gastos ocasionados por la primera enseñanza, independencia del maestro de los organismos políticos y administrativos locales, ligándolos únicamente a autoridades técnicas, elevación del sueldo mínimo, establecimiento de un sistema de ascensos del magisterio sin necesidad de cambiar de escuela para ello, creación de un cuerpo de inspectores de carácter técnico, reorganización de los sueldos de maestras y maestros, establecimiento de escuelas graduadas.²²

Nesa liña avanza o asociacionismo, que chega a unha afiliación próxima aos 15.000 socios e socias contra finais da primeira década. A ANMP era a asociación de referencia con que se identificaba o sector profesional, pero na fin desa década agroman tamén colectivos que sacoden a árbore de reivindicacións ideolóxicas, non representadas nela, así como excisións de sectores profesionais que non se consideraban suficientemente defendidos nalgúns partidos xudiciais ou provincias enteiras.

A Asociación Nacional, supostamente aséptica en relación co poder establecido e sen cuestionar a inxerencia eclesiástica, a non seren casos puntuais de comportamentos vexatorios para algún profesional, estaba situada á marxe das ideas da ILE ou da Escola Nova e, ademais, non tiña vocación internacional, ao non contar con referentes en Europa e no resto do mundo, como coa Oficina Internacional de Mestres creada en 1905, ou a Federación Mundial de Asociacións de Educación creada en San Francisco en 1923, aínda que esta última non tivo incidencia en Europa.

Unha vez creada a Federación Internacional de Asociacións de Mestres (FIAM) en 1926, que en pouco tempo chegou ao millón de afiliados,²³ aínda tivo que agardar seis anos pola adhesión da filial española. Faríao con forza en 1932 e xa un ano despois se

²² Aida Terrón Bañuelos "El movimiento asociacionista del magisterio", 280.

²³ Ángel Llano Díaz, "El VI Congreso de la Federación Internacional de Asociaciones de Maestros (FIAM-FIAI). Santander. 1933", *Cabás*, 15 (2016): 1-18, <http://revista.muesca.es>.

responsabiliza do seu congreso na cidade de Santander. Sen dúbida, ao abeiro das liberdades decretadas pola República, parece que a Asociación Nacional se sente cómoda e alberga un congreso dunha federación que viña defendendo a pluralidade relixiosa, a escola unificada e, sobre todo, a “paz pola escola”.²⁴ O congreso tivo maior relevancia histórica, pois en Santander debateuse a non-admisión na Federación da nova asociación alemá de corte fascista.

Esa liña de compromiso ideolóxico non cadraba coa traxectoria da Asociación española a nivel provincial. Como ían entender esa toma de partido os mestres citados anteriormente de Palencia?, ou os de Ourense, que analizamos en anteriores traballos,²⁵ en que puxemos de manifesto a división que se produce entre o promotor de *Magisterio Orensano*, –cun enfoque democrático e liberal– e os mestres da asociación que figuraban como membros do consello de redacción, que se apartaron do proxecto en 1933? Que había detrás da declaración de “apolíticos y respetuosos con todas las ideologías”? A resposta é que tamén eran respectuosos coas ideas fascistas, pois podemos completar aquela nosa análise engadindo que o máximo dirixente da Asociación, Emilio Estévez Rial, sería o secretario da Comisión Depuradora da provincia de Ourense,²⁶ que tanta inxustiza impartiu sobre un colectivo docente que fora exemplar durante a República, tanto no plano persoal como no profesional.

Sen medo a tomar partido contra a vella política, e con vocación internacionalista, xorde en 1909 a Asociación de Maestros Racionalistas, aliñada no libre pensar que se espalla despois da execución de Ferrer i Guardia. De afiliación moito máis reducida, preséntase co ánimo de combater a política do Antigo Réxime, de ligar a educación á razón e á ciencia en lugar de á relixión, e sumarse ao internacionalismo proletario. No medio da hostilidade que se xeraba contra calquera idea ou experiencia de laicismo, foron as escolas laicas, algunhas delas sostidas por emigrantes, as que mantiveron vivas as teses pedagóxicas do libre pensamento, e foron os centros de sociedades obreiras, de cidades como Vigo ou Ferrol, ou os ateneos republicanos, os que lles ofrecían espazos para a difusión dos seus ideais, como se pode ver na presenza de Anselmo Lorenzo en Ferrol á altura de 1913.²⁷

O testemuño na organización do maxisterio laico, incluído tamén o do sector público, era recollido no ano 1912 pola Asociación General de Maestros (AGM), que na FETE-UGT consideran como os seus predecesores: acción social política, laicismo, traballo en co-

²⁴ Xosé M. Cid Fernández “El movimiento de educación para la paz entre las dos guerras mundiales”, *Historia de la Educación*, 11 (1992): 281-282.

²⁵ Xosé Manuel Cid Fernández, Educación e ideoloxía en Ourense durante a segunda República, 77-84.

²⁶ Xosé Manuel Cid Fernández, “A represión franquista do Maxisterio. Unha historia que debemos seguir reescribindo, para fundamentar historicamente unha educación para a paz”, *Sarmiento*, 24 (2020). Dicimos na páxina 270: “De maneira inexplicable, pero cada vez máis repetida nos de mestres asasinados, Emilio Estévez Rial e Juan Saco, en nome da Comisión Depuradora de Ourense, decretan, case cinco anos despois, que ‘no alcanzándole responsabilidad alguna originada de este expediente ... puede continuar ejerciendo el cargo...’”.

²⁷ Antón Costa Rico, *Escolas e mestres* (Santiago: Consellería da Presidencia, 1989), 217.

mún co resto da clase obreira.²⁸ A afiliación, como dixemos, moi inferior á das asociacións nacionais que se definían como apolíticas, pero o traballo no terreo político e sindical auguraba cambios de goberno, que redundarían nunhas políticas educativas transformadoras da realidade precaria en que se traballaba, de modo que resultaban insuficientes os pequenos avances na situación laboral e na ampliación lenta da escolarización.

A afiliación pode cifrarse pouco por riba dos 1000 socios e socias, cando foi reflotada, despois do Congreso do PSOE de 1919, no que se aprobaron as “Bases para un programa de Instrucción Pública”. O programa da AGM foi aprobado por unanimidade no Congreso da UGT de 1922, centrado nunha aposta polo ensino público, a gratuidade en todos os seus graos, a continuidade entre os niveis educativos, a equiparación de remuneracións entre o persoal docente, o carácter laico da educación e a defensa da coeducación. Debemos lembrar, non obstante, que a afinidade política entre PSOE e UGT non era a mesma de épocas recentes, polo que a nivel internacional a AGM optou pola Internacional de Traballadores do Ensino (creada en 1920, de orientación comunista),²⁹ en lugar de relacionarse co Secretariado Profesional Internacional do Ensino, de orientación socialista, creada en 1923, como sección de educación da Federación Sindical Obreira (fundada en Copenhague en 1901).

Como sinalamos anteriormente, non afondamos no asociacionismo do maxisterio vencellado ao movemento obreiro, pois xa foi obxecto de moitos e fundamentados estudos, polo que só nos deteremos brevemente en dúas asociacións de docentes que semellaban non estar suficientemente representadas na Asociación Nacional nin contaban con referentes no movemento obreiro por traballaren en poboacións moi pequenas e cun férreo control do caciquismo e do clero. Referímonos á Unión Nacional de Maestros, ou Maestros de Derechos Limitados (posteriormente Confederación Nacional de Maestros) e a Liga de Maestros Rurales, nacidas en 1911 e significativamente presentes nas provincias máis rurais, como as galegas do interior, ademais de Zamora, onde esta última tivo os primeiros dirixentes, que serían Mampaso e Santamaría; e en Ourense, Pío Ramón Ojea (pai de Ben-Cho-Shey).

A Confederación chega ás portas da República cunha afiliación próxima aos 7000 adscritos. A súa forza estaba en representar o colectivo peor pagado do maxisterio, os de menos de 650 euros anuais, formado tanto por mestres da segunda escala como por interinos e substitutos. Non se constituíu en todos os partidos, ao se sentiren moitos

²⁸ Francisco de Luís Martín. *Historia de la FETE (1909-1936)* (Madrid: Tecnos, 2009); Alfredo Liébana Collado (Investigación, documentación, selección, interpretación e elaboración de paneles), *Catálogo: Historia de la FETE desde los Orígenes a 1939. Preámbulo*: Gerardo Fernández, secretario de Relacións Institucionais de FETE País Valenciá (Madrid: FETE-UGT, 2009); Yolanda Lucía Arcones *FETE-UGT. - sindicato de enseñanza*. Trabajo de fin de grao (Facultade de Ciencias Sociais, Xurídicas e da Comunicación, grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Universidade de Valladolid, 2016.).

²⁹ Llano Díaz, “El VI Congreso de la Federación Internacional”. Así o recoñecen tamén desde dentro do sindicato: Gerardo Fernández, “Preámbulo”: “hubo socialistas, republicanos, comunistas y maestros y profesores sin filiación política manifiesta, una gran pluralidad ideológica”.

representados na Asociación Nacional, pero si en todas as provincias, pois sempre había algún partido xudicial en que se encontraban indefensos.

El Ideal del Magisterio de xaneiro de 1932, no seu noveno ano de edición, facíase eco da concorrida asemblea organizada a finais de ano en Madrid, para celebrar a desaparición da segunda escala do profesorado.³⁰

Menos percorrido organizativo tivo a Liga de Maestros Rurales, pois os estudosos indican que axiña volve integrarse na Nacional, xa que as súas reivindicacións profesionais podían incluírse no programa das asociacións existentes. Ademais, resultaba custoso soste unha estrutura organizativa vivindo no illamento e desánimo de non veren atendidas as necesidades básicas da escola e da cultura rural, con constantes traslados de localidade na procura de escenarios en que o traballo educativo tivese un mínimo recoñecemento das autoridades e da sociedade.

O abandono do rural é un tema recorrente na historia social e política. José María Hernández recolle unhas atinadas palabras de Martí Alperá pronunciadas en 1911:

“... casi todos los intentos de mejoramiento de nuestra educación escolar han tenido por principal, o por único punta de mira la escuela urbana, la escuela de la ciudad, la escuela graduada de muchos maestros... Pero de la otra, es decir, de la escuela incompleta, de las humildes escuelas rurales de todas clases, de las escuelas de los pueblos pequeños, de los lugares y de las aldeas... de estas, nada o casi nada.”³¹

Se o rural, a nivel estatal, ten esta problemática, a situación complicase en Galicia coa imposición dunha lingua allea. Da mesma maneira que a cuestión laboral podía beneficiarse da forza do movemento obreiro, no caso do rural resultaba ilusorio pensar que desde o maxisterio podía darse a solución.

A esperanza de moitos mestres que vivían as penurias do rural viría, por unha banda, do movemento agrarista, coa enerxía dun líder da categoría de Basilio Álvarez, que completaría a súa furia verbal coa fundación en 1921 do diario dos agrarios galegos, *La Zarpa*, e, pola outra, do movemento nacionalista, que colle forza en 1916 coa aparición das Irmandades da Fala e, posteriormente, coa Xeración Nós en 1920. Dúas das cabezas visibles deste movemento nacionalista, Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo, son respectivamente profesores da Normal e de instituto. Vicente Risco publica en 1921 o *Plan Pedagógico para a Galeguización das escolas*, con atinadas propostas para a utilización do galego como lingua escolar e mais para introducir outras áreas científicas e culturais nos plans de estudo. Desde a súa cátedra de historia na Normal, pedía ao alumnado que realizase un estudo profundo do folclore da súa aldea, e algúns xa o escribían en galego nos cursos anteriores á proclamación da República. Sen dúbida, unha inxección de moral para un maxisterio rural esquecido pola política educativa do primeiro terzo de século.

³⁰ <http://hemerotecadigital.bne.es/details.vm?lang=es&q=id:0029731176>.

³¹ Martí Alperá, 1911, citado por José M.^a Hernandez, "La escuela rural en la España del siglo XX", *Revista de Educación*, núm. extraordinario (2000): 113-136.

Coa chegada da República son moitos os mestres que se afilian a ATEO e ao Partido Galeguista, dúas opcións ideolóxicas ben diferentes do conservadorismo representado polas asociacións provinciais do maxisterio integradas na Nacional. Os Traballadores do Ensino de Ourense constituíron en 1932 a asociación mais dinámica de Galicia, con mais de 250 afiliados, e cunha revista mensual, *Escuela de Trabajo*, de alto nivel pedagóxico. Sen dúbida, os galeguistas contribuíron a ese florecer da escola republicana, pero ademais aspiraban a unha escola máis axeitada á realidade galega. A represión que sufriron en 1936 dá idea do compromiso deste colectivo e mais da dimensión das reformas propostas, que ilusionaron a moitos cidadáns coa proposta educativa e cultural. Narciso de Gabriel analiza en profundidade a presenza do maxisterio no Partido Galeguista durante a II República, así como a represión sufrida, considerando que é un dos colectivos profesionais máis numeroso no partido, con máis de 150 mestres nalgún momento do período analizado, dos que 17 foron asasinados (cinco de Ourense) e os demais sufriron outro tipo de sancións, tamén importantes.³² A modernización da escola e da sociedade rural era insoportable para os sectores reaccionarios, que empregaron unha extrema violencia contra un maxisterio ben formado e comprometido co desenvolvemento integral da infancia e da comunidade rural no seu conxunto.

Tendo en conta que o asociacionismo ligado ao movemento obreiro non ten percorrido en Ourense con anterioridade á Segunda República, e o mesmo podemos afirmar do colectivo de ensinantes próximo ao Partido Galeguista (e ambos contan, ademais, con estudos na historiografía recente da educación en Galicia), centraremos a nosa atención na Asociación Provincial dos Mestres de Ourense e nas súas derivadas nos partidos xudiciais. Deterémonos na súa orixe, organización, reivindicacións e grao de participación do maxisterio ourensán, así como o seu grao de compromiso. Tamén deixaremos constancia da presenza en Ourense das asociacións escindidas da Nacional.

Constitución da Asociación provincial dos mestres de Ourense.

No mes de xaneiro de 1899 constituíuse na provincia de Ourense a Asociación de Mestres de Primeiro Ensino cuxos principios e obxectivos se recollían no primeiro *Boletín de la Asociación Provincial de Primera Enseñanza*.³³ Neste primeiro número explícanse os obxectivos, as pretensións e necesidades para crear a Asociación de Mestres baixo a epígrafe “Nuestros propósitos”, encamiñados en varias direccións.³⁴ En primeiro lugar, e como algo prioritario, a defensa dos intereses do maxisterio ourensán: “Por fin ha llegado la ocasión, que no dudamos en calificar de venturosa, en que el magisterio de la provincia

³² Narciso de Gabriel, “A represión fascista do profesorado galeguista”, *Sarmiento*, 24 (2020): 211-237.

³³ Arquivo da Deputación Provincial de Ourense, Asociación Provincial, *Boletín de la Asociación de Primera Enseñanza*, 1 (1899), Arquivo BCS, Caixa 7.

³⁴ Poucos anos antes formalízase a asociación de mestres en Santiago de Compostela, no ano 1892, cuxos obxectivos eran fomentar a fraternidade de clase segundo os propósitos do maxisterio e o mutuo socorro científico e material entre os socios. *Vid.*: José M.^a Palomares Ibáñez, “Condición obreira, conflictividade e asociacionismo en Santiago na época da comisión de reformas sociais”, en *O movemento obreiro en Galicia*, 128.

de Orense tenga un periódico exclusivamente destinado a la defensa y fomento de sus intereses".³⁵ Para a Asociación Provincial os docentes non gozaban da categoría e consideración que merecían, debido, en gran parte, á propia Administración que desatendía os problemas do colectivo docente, provocaba atropelos e conculcaba os seus dereitos. En segundo lugar, demandaba unha lexislación en prol de mellorar a educación e a cultura da sociedade. Polo tanto, a Asociación non procuraba en exclusividade a mellora social e profesional dos docentes, pois tamén solicitaba unha lexislación que servise para cambiar a situación educativa do momento. Neste contexto, previo á inminente creación do Ministerio de Instrución Pública, a Asociación adiantábase reclamando unha reorganización da instrución educativa a través de dous medios: a promulgación de leis xustas e con garantías de que se cumprisen e a realización dunha reforma que situase a educación conforme os tempos modernos.

O ánimo acusatorio da Asociación é plausible, dado que consideraba que os sucesivos ministros de Fomento non soberan e/ou non se atreveran a formular as medidas garantistas para propiciar un ensino que elevase a cultura social e para que o maxisterio se percibise como unha profesión.

A Asociación Provincial empregaba o boletín como medio primordial para difundir os intereses dos mestres e mestras do ensino. Ao mesmo tempo ofrecía un espazo a aqueles docentes que querían dar a súa opinión sobre calquera tema que considerasen relevante en relación coa educación.

A revista era mensual e publicábase o día 15 de cada mes con carácter gratuíto para quen pertencese á Asociación, mentres que para aquelas persoas non asociadas o pagamento era de 1,75 pesetas ao ano.

En canto ao seu contido, comprendía unha parte técnica e científica, unha parte literaria e de mera información, e a que sería a parte fundamental que se centraba na defensa dos intereses dos mestres e mestras da provincia. Iniciábase cun artigo de fondo, escrito pola directiva, no que se tocaban cuestións de interese para o maxisterio e despois había seis apartados: unha sección pedagóxica, outra de noticias, a lexislativa, de reclamacións e queixas, científica-recreativa e unha sección de correspondencia.

A sección pedagóxica estaba destinada á publicación de artigos sobre a ensinanza. Constituía unha de tribuna libre na que todos os docentes podían emitir con total liberdade as súas opinións respecto dos métodos educativos, procedementos, material de ensino, resultados obtidos, ou melloras e reformas que convirían planearse. En definitiva, todo referido á parte técnica da profesión.

A continuación desta, incluíanse novas de interese para os docentes de primeiro ensino sobre os concurso de traslados, as vacantes de escolas etc..

³⁵ Asociación Provincial, Boletín de la Asociación de Primera Enseñanza..., p. 1

Na sección lexislativa dábase publicidade a todas as disposicións oficiais sobre o ensino que viñan acompañadas de comentarios e opinións respecto delas, o que permitiría saber o seu grao de aceptación.

Na filosofía da Asociación estaba recoller as queixas dos docentes co fin de apoialos. Pois ben, no boletín había unha sección das reclamacións onde se daban a coñecer os abusos ou vexacións que sufría o maxisterio. Deste modo facíase partícipes do acontecido a todos os asociados, aglutinándoos na defensa do compañeiro e suscitando que se unise á protesta un escrito de apoio ao docente para llelo remitir ás autoridades pertinentes.

A sección denominada “Científico-recreativa” tiña como finalidade proporcionar aos asociados xogos, pasatempos con problemas de aritmética ou análises literarias, similares aos que se expuñan nas oposicións de maxisterio, coa finalidade de que lles fosen útiles. Aqueles docentes que os resolvían debían enviar as solucións ao boletín e serían publicados os seus nomes no seguinte número.

Finalmente, estaba a sección da correspondencia particular onde se formulaban cuestións ou dúbidas sobre asuntos diversos referidos a lexislación, vacantes, preocupacións particulares etc, ás que se lle procuraba dar resposta.

Ao longo das páxinas do *Boletín* púñase, por tanto, en evidencia o espírito e os principios que movían a Asociación, así como os compromisos que quería alcanzar. Entre eles estaba o de dirixir os esforzos en soste a clase do maxisterio e tratar de mellorar a súa situación, para o que era preciso robustecer o espírito da Asociación e facer ver as vantaxes do asociacionismo, e con esta intención púxose en marcha unha intensa propaganda.³⁶

Os primeiros asociados na provincia de Ourense

A Asociación animaba o profesorado a asociarse, “pidiéndoles los apoyen para que ellos sean apoyados”.³⁷

Para entrar a formar parte da Asociación os docentes debían cubrir unha solicitude e logo enviala á sede. A partir dese momento tiñan que pagar unha cota trimestral segundo a súa categoría; os das escolas completas pagaban unha peseta e os das incompletas, cincuenta céntimos.

As primeiras inscricións non se fixeron agardar, e no primeiro trimestre había un total de 166 socios, dos cales 111 eran mestres e 55 mestras. O asociacionismo foi en aumen-

³⁶ O número 12 do *Boletín*, o publicado o 15 de decembro de 1899, sería o último en editarse con ese nome. A partir daquela sacouse nunha nova revista semanal chamada *O Mestre Galego*. Constaría de oito páxinas distribuídas en tres seccións ou partes. Unha primeira parte de liña literaria, en que se publicarían reflexións, poesía, biografías... A segunda parte comprendía a parte pedagóxica e a terceira sección viña a ser un noticioso en que se ofrecía información de carácter xeral, rexional e provincial. *Vid.*: Asociación de Maestros, *Boletín de la Asociación de Primera Enseñanza*, 12 (1899) : 3-4.

³⁷ Arquivo da Deputación Provincial de Ourense, *Boletín de la Asociación de Primera Enseñanza*..., 1, p. 3.

to nos sucesivos meses e a finais de 1899 a cifra ascendía a 267, o que supuña un 38,5 % do profesorado existente nese ano, unha porcentaxe significativa.³⁸

A inscrición de mestras na Asociación non foi nada desdeñable, pois supuñan un 33 % do total de asociados en 1899. Pero o afán asociacionista das mestras non chegaría a ser tan intenso como o dos mestres. Isto facía que, con frecuencia, se fixese un chamamento especial ás docentes para que saísen da apatía e da indiferenza que sentían cara á clase á que pertencían: “La Sras. Maestras, que hasta la fecha no han dado muestras de que pertenecen a la honrosa clase del magisterio, es hora de que salgan de esa indiferencia supina que tan poco dice a favor de la clase a que pertenecen.”³⁹

Pero non cabe dúbida de que a Asociación estaba a ter unha boa acollida entre os docentes por varios motivos: recoñecían o seu bo facer e sentíanse apoiados ao ver que se quería mellorar a consideración social dos mestres e mestras de Ourense.

As asociacións dos partidos xudiciais de Ourense. Organización, asembleas e asociados

Unha vez que se creou a asociación provincial de mestres comezaron a organizarse as diferentes asociacións por partidos xudiciais. Xurdiron, polo tanto, as de Ourense, Allariz, Bande, Celanova; Ribadavia, O Carballiño, O Barco de Valdeorras, Verín, Trives, Xinzo e Viana. Todas cun mesmo obxectivo: protexer a figura dos docentes e mellorar a situación educativa das súas comarcas. Nos seus regulamentos especificaban cal era o obxectivo da sociedade e as súas propostas. Entre as pretensións estaban que os asociados estreitasen lazos de compañeirismo e se dirixisen a un fin común; que os docentes se ilustrasen mutuamente –para o cal a Asociación promovía certames e conferencias profesionais– e que dende a Asociación se propuxese ás autoridades as melloras que podían introducirse no ensino. Outro dos obxectivos prioritarios era amparar o maxisterio contra as denuncias e as persecucións inxustas. Malia as boas intencións das asociacións, non faltaba quen se opuña á súa creación por considerar que estas non resultaban ser o mellor medio para solucionar os problemas dos mestres e mestras e que eran perniciosas.⁴⁰

A pesar de que as asociacións constituídas estableceron relacións de apoio mutuo, vai haber diferenzas de actividade entre elas e, neste senso, cabe destacar o traballo desempeñado pola a Asociación do Carballiño, pois veu ser a que máis se mobilizou, encabezando protestas e invitando ás demais a se sumaren ás reivindicacións.

Todas as asociacións tiñan que redactar un regulamento consensuado entre os asociados que, unha vez aprobado por votación, había que remitir ás institucións locais e ao gobernador da provincia. Este regulamento constaba de varios capítulos onde se espe-

³⁸ Se temos en conta que na provincia había un total de 694 segundo consta no “Número de alumnos y de profesores por provincia” rexistrado no *Anuario Estadístico de España* de 1912.

³⁹ “Asociaciones de Maestros”, *Boletín del Magisterio*, 138 (1910):1-2.

⁴⁰ Recóllese o caso dun mestre da zona de Celanova que criticou a creación da asociación de forma moi contundente ao indicar que non era un medio para auxiliar os docentes. “Asociación de maestros del partido de Celanova”, *Boletín del Magisterio*, 42 (1907) 3.

cificaba a denominación da asociación e a súa xustificación; as condicións de ingreso; os deberes e dereitos dos socios e as atribucións dos diferentes cargos directivos e da xunta de goberno.⁴¹

A súa estrutura ou organización era igual para todas, pois constaban dunha xunta directiva, os docentes asociados e as asembleas.

A directiva das asociacións conformaba a xunta de goberno integrada polo presidente, o secretario, o tesoureiro/a e os vogais. Escollíase a mediados de ano en período de vacacións estivais para que a nova xunta tomase posesión o 1 de setembro. A elección facíase en asemblea mediante a votación secreta dos asociados e asociadas. Buscábase que na súa elección participase o maior número de persoas, de modo que, de non poder asistir á votación, se ofrecía a posibilidade de enviar o voto a través doutro asociado, pois, como dicía a Asociación de Celanova, conviña “que queden ahogadas las suspicacias que pudiesen suscitarse y resulte la elección en conformidad con el criterio del mayor número posible de asociados.”⁴² A directiva era a que convocaba as reunións e asembleas unha vez ao ano ou cando estimábase oportuno. Os membros da directiva reuníanse unha vez ao mes.⁴³

Podían formar parte da directiva tanto mestres como mestras, se ben é certo que foron poucas as docentes que ocuparon cargos directivos e, en todos os casos, desempeñaron o cargo de vogais. Normalmente, os integrantes da directiva acadaban un recoñecemento social, xa que eran a cabeza visible do maxisterio da zona, polo que adoitaban ser convidados a actos da comarca.

A directiva actuaba como dinamizadora do asociacionismo e a participación do maxisterio local, como facía a do Carballiño, que lembraba “a todos los compañeros del partido que tengan espíritu de clase y sientan interés por sus organizaciones societarias [la necesidad de] asistir con puntualidad a la junta.”⁴⁴ Aínda así, a participación non debía ser moi alta, como se desprende de críticas aos que incumprían “sus deberes societarios, pues el simple pago de una cuota no es suficiente, ya que la existencia de sociedades está fundamentada en la reunión de sus individuos para determinar que conviene e interesa a la clase.”⁴⁵

Na mesma liña manifestábase a local de Ourense, en 1919:

La nueva directiva ruega a todos los maestros, sean o no socios, atiendan por primera vez a este llamamiento y horas señaladas, pues no serán motivos de excusa las perturbaciones que de algún

⁴¹ Para realizar este estudo demos co Regulamento da Asociación de Maestros do Partido de Celanova, que nos proporciona información sobre o organigrama da Asociación e os correspondentes roles. Con toda probabilidade as demais asociacións funcionarían de xeito similar. *Copia del Reglamento de la Asociación de Maestros del partido de Celanova* (Orense: Imprenta Popular, 1906), 3.

⁴² “Asociación de maestros del partido de Celanova”, *La Región*, 30 de marzo de 1913, 2.

⁴³ Regulamento de la Asociación de Maestros del partido de Celanova, 3-4.

⁴⁴ *La Zarpa*, 1 de febreiro de 1934, 12.

⁴⁵ “Convocatoria de maestros del partido de Carballiño”, *La Región*, 28 de maio de 1910, 1.



Xunta directiva da Asociación de Mestres do Partido de Ribadavia

Fonte: *Vida Gallega*, 20 de xuño de 1917, p. 17.

tiempo acá se notan en el seno de nuestras asociaciones, convencida de que solo extraordinarios acontecimientos sacan a muchos maestros del estado de inacción y de su habitual indiferencia.⁴⁶

Nestas xuntas, ademais de poñer ao día os mestres e mestras sobre as medidas tomadas polo Ministerio, notificar as vacantes ou render contas da xestión realizada, tamén se formulaban reclamacións (atrasos aos mestres, sancións, tratos vexatorios), debatíase sobre temas delicados e animábase á votación e participación activa para chegar a acordos e resolucións. Os secretarios debían presentar á xunta de goberno a conta de gastos e redactar a memoria anual das xestións realizadas pola directiva.⁴⁷

Os presidentes das asociacións de cada partido xudicial eran os que facían cumprir os acordos e tamén os encargados de escoller ao presidente provincial.⁴⁸

Todos os docentes, mestres e mestras, de maneira voluntaria podían darse de alta na súa respectiva asociación. Para iso tiñan que notificalo e pagar unhas cotas segundo

⁴⁶ Asociación de maestros del partido de Ourense, *La Región*, 20 de maio de 1919, 2.

⁴⁷ Reglamento de la Asociación de Maestros, 8.

⁴⁸ Terrón, "El movimiento asociacionista...", 283.

a escala.⁴⁹ Os requirimentos para formar parte da asociación era ter o título de mestre ou mestra de primeiro ensino ou o certificado de aptitude para o desempeño de escolas incompletas. Os beneficios que obtiñan era estar informados de todos aqueles aspectos que lles afectaban, estar protexidos e defendidos pola asociación, que velaría polos seus intereses; tamén lles eran realizados determinados trámites e, ademais, veríanse favorecidos pola Sección de Socorros que a Asociación Nacional xestionaba e cuxa misión principal era axudar as viúvas e orfos do gremio.⁵⁰

Reivindicacións e preocupacións das asociacións dos partidos xudiciais da provincia de Ourense

Para coñecer como foron as actuacións das diferentes asociacións de mestres nos diferentes partidos xudiciais unha das fontes primordiais consultada foi a prensa local. Revisáronse todos o artigos de *La Región* e *La Zarpa* que abordaban os asuntos das asociacións. Atopáronse numerosas referencias a estas agrupacións, xa que empregaban a prensa para notificar as reunións, para dar coñecemento á sociedade dos asuntos que lles preocupaban e afectaban ao maxisterio provincial e informar das inxustizas que se cometían contra a profesión. Tamén se consultou o *Boletín del Magisterio*, unha revista periódica onde se defendían os intereses morais e materiais dos mestres da provincia de Ourense, a través da cal as asociacións tamén expuñan os seus problemas e accións.

A necesidade de sentirse como colectivo era unha prioridade. O feito de asociarse significaba a mellora da clase, tal como indicaba José González, mestre de Cea, en 1907, que animaba a romper co illamento do profesorado e chamaba á unidade:

El aislamiento y esa atmósfera de indiferencia en que vivimos, causas son de que cuantos esfuerzos realicemos para el mejoramiento de nuestra clase y gestiones hagamos en vindicación de derechos, con frecuencia inusitada escarnecidos, se esterilicen en este país donde la ley escrita a sabiendas se conculca y sólo se escuchan las reclamaciones de entidades vigorizadas con el lazo de la unión [...]

No hay, pues, que encareceros la necesidad de que nuestros esfuerzos se aúnen, se mancomunen, si no queremos arrojarnos en brazos del abyecto servilismo".⁵¹

Mellorar e/ou cambiar a consideración social do profesorado

Unha das principais preocupacións das asociacións gardaba relación coa consideración que a sociedade tiña sobre o profesorado. A maioría puña de relevo a importancia do seu papel na sociedade, pero os docentes non sempre se sentían respectados. Isto deu lugar a que houbera protestas esixindo ás autoridades un mellor trato e unha mellor consideración. Os múltiples casos que se consideraban aldraxantes daban lugar á unidade

⁴⁹ Por exemplo, en Celanova pagábase unha cota de entrada de 1,5 pesetas e os emolumentos trimestrais segundo a escala: ata 624 pesetas pagaban 0,75; de 625 a 824 pagaban 1 peseta e de 825 a 1100 pagaban 1,5 pesetas. *Vid.: Reglamento de maestros*, 5.

⁵⁰ Aida Terrón, "El movimiento asociacionista del magisterio nacional...", 283-284.

⁵¹ González, José M.^a, "A los señores Maestros y Maestras del Partido de Carballino", *Boletín del Magisterio*, 35 (1907): 2.

de practicamente todas as asociacións e eran recriminadas sen miramentos aquelas que non se implicaban e non se unían o suficiente.

Un feito incuestionable era que as mestras sufrían máis que os seus homólogos os vilipendios das autoridades locais, e para defendelas xogaron un papel primordial as asociacións. Por exemplo, a do Carballiño non dubidou en iniciar unha campaña en defensa da mestra asociada de Punxín, que era vítima das felonías dos “caciquillos” do municipio, pois retíñanlle o aluguer de casa-cuarto e tiña o local-escola nunha estancia onde só cabían tres mesas.⁵² Noutra ocasión, a mesma asociación encabezou unha intensa protesta ao considerar que se lle abría un expediente inxusto á mestra asociada do lugar de Bóveda, en Amoeiro, dona Daría Rodríguez Cerviño, querendo trasladala de escola. Informada a asociación do acontecido, deseguido se puxo a facer as indagacións oportunas para intervir dunha maneira directa e contundente ante os poderes locais indicando que non decaería no seu nobre propósito ata que se deixase de instruír o devandito expediente.⁵³ Tamén era preocupante o incidente da mestra de Carzoá, en Cualedro, pois era obxecto das presións por parte do párroco de Santa Eulalia de Montes. Esta situación de acoso sufrida por unha compañeira motivou que os mestres da zona acudisen ao bispo para pór remedio, xa que “había que defender a cualquier miembro de la clase que estimemos vejado...”⁵⁴

Un dos casos que suscitou unha gran preocupación foi o da mestra de Larouco, recollido na prensa local baixo o titular “Atropello de Laroco” e cuxa transcripción paga a pena para ver con que contundencia se denunciou:

Sí, a la barra con esa autoridad local que desconoce el respeto debido a la mujer, a la maestra, a la convecina; al banquillo [...] contra quien mancilla el principio de autoridad y apela al derecho de la fuerza en vez de apoyarse en la fuerza del derecho. La protesta es poco contra quien se ensaña en una débil mujer por tantos títulos digna de todos nuestros respetos. La protesta es poco contra quien escarnece brutalmente las leyes divinas y humanas [...]. Y para ello requiérase nada más que los maestros ourensanos, oigan la voz del compañerismo y salgan de su atonía; que las Asociaciones de Maestros den pruebas de que para algo sirven, y maestros y Asociaciones se muestren parte en la defensa de esa compañera bárbaramente atropellada.⁵⁵

As asociacións solicitaban da sociedade que respectasen o bo labor que facían os mestres e mestras no arduo traballo de formar os escolares e pedían que non se xeneralizase a mala praxe dalgúns docentes, pois eran casos moi puntuais e moi escasos.⁵⁶

Reivindicacións do pagamento dos atrasos

Un dos temas máis delicados e que motivou numerosas queixas por parte do profesorado foi o deixamento das institucións no pagamento aos docentes. A Deputación

⁵² “Asociación de Maestros”, *Boletín del Magisterio*, 221 (1911): 2.

⁵³ “Un expediente injusto”, *La Región*, 31 de outubro de 1914, 1.

⁵⁴ *El Maestro ourensano. Revista Pedagógica*, 66 (1927): 5.

⁵⁵ “El atropello de Larouco”, *La Región*, 21 de febreiro de 1915, 1.

⁵⁶ El atropello de Larouco”, *La Región*, 21 de febreiro de 1915, 12.

contraera unha gran débeda co profesorado, débeda que arrincaba desde 1907 e que durante 14 non fora aboando, polo que a cantidade ascendía a 104.300 pesetas.

Segundo o artigo 196 da Lei de instrución pública os mestres debían gozar dun aumento gradual de soldo con cargo ao orzamento provincial. O artigo 10 do Real decreto do 27 de abril de 1877 dispuña que as xuntas provinciais, axiña que formasen as escalas docentes reclamarían das deputacións respectivas que consignasen nos seus orzamentos os pagamentos aos mestres dos aumentos do soldo. Á súa vez, o Real decreto do 23 de decembro de 1902, ditado polo ministro de Gobernación, Antonio Maura Montaner, preceptuaba nos seus artigos 1 e 2 que estes aboamentos eran gastos provinciais de pagamento inmediato e, segundo o artigo 9 da dita lei, era obrigado efectualos antes dos voluntarios.⁵⁷

A Asociación de Verín, encabezada polo seu presidente, señor Rivaldo, fixo un chamamento en 1908 ás institucións para que aboasen os atrasos non pagos e resolvesen outros asuntos relacionados co establecemento de escolas.⁵⁸ Pero, sen dúbida, a asociación que máis se mobilizou para esixir o pagamento foi novamente a do Carballiño, que durante anos mantivo unha pugna intensa coa institución provincial. O presidente da asociación, Suárez de Santiago, congregou os asociados para indicaren con exactitude o que se lles debía polo concepto de atrasos, material ou outros emolumentos, e a xunta asinou unha instancia colectiva para dirixila ao Ministerio de Instrución Pública.⁵⁹ Ao non obter resultados, a asociación persistiu nas súas demandas e en 1912, cando xa levaban varios anos de atrasos, enviaron un telegrama ao señor Bugallal, o 12 de xuño, pero quedou en nada.⁶⁰ Insistiron con outro en 1914, que si obtivo contestación, aínda que dun xeito pouco esperanzador:

“El Ministro de Hacienda besa la mano al señor presidente de la Asociación de Maestros de Carballino, y en contestación a su telegrama de hoy, le participa con sumo gusto reiterará la recomendación que le interesa a la Diputación de Orense y mucho celebraría pudiesen quedar complacidos sus deseos”.⁶¹

A Asociación, para pór en evidencia a inxustiza que se cometía, redactou artigos contundentes e rotundos para denunciar que era “bochornosa” a débeda contraída pola institución provincial “con los maestros nacionales de nuestra provincia. ¡Ocho años de sufrimiento gradual les debitúa (sic)! Sonroja pensar en tanto abandono y en el poco cariño que nuestra Diputación tiene a los encargados de nuestra cultura”.⁶²

⁵⁷ Vila Serra, José, *Ley Provincial*, Biblioteca Jurídica de los Ayuntamientos y Juzgados Municipales, (Valencia: Imprenta del autor, 1906), 92-95.

⁵⁸ “Asociación de maestros del Partido de Verín”, *Boletín del Magisterio*, 93 (1908): 2.

⁵⁹ “Asociación de Maestros del Partido de Allariz”, *Boletín del Magisterio* 92 (1908): 2; “Asociación de maestros del partido de Carballiño. Convocatoria”, *La Región*, 28 de maio de 1910, 1.

⁶⁰ “La Asociación de Carballino y el Sr. Bugallal”, *Boletín del Magisterio*, 250 (1912), 2.

⁶¹ “Bugallal y los maestros de Carballino”, *La Región*, 21 de marzo de 1914, 2.

⁶² José M. González, “Deuda vergonzosa”, *La Región*, 15 de outubro de 1914, 2.

A persistencia do problema facía precisa a unidade de todos e a Asociación de Ourense, nunha xunta encabezada polo seu presidente Luís Soto Menor, mestre da graduada da capital, entendeu que era preciso poñerse de acordo coas demais asociacións da provincia para reclamar dunha maneira eficaz o pagamento que a Deputación lles debía polo aumento gradual;⁶³ Non podía estar máis de acordo a Asociación do Carballiño, que instou ás demais a apoiaren a causa de mellorar os emolumentos dos mestres e mestras, “pois era unha causa común a todas”. Consideraron a situación como un verdadeiro atropelo e era necesario apelar á opinión pública e política para que fosen atendidas as súas “xustas peticións”: “que la voz del Magisterio salga una vez de la burla, del sarcasmo y del estado preterido en que, en comparación con las demás clases profesionales y sociales, se encuentra en la actualidad.”⁶⁴

Os docentes reclamaban o pagamento dos atrasos debido a que estaban a pasar unha situación calamitosa e as súas familias tiñan dificultades para cubrir o gastos domésticos, consultas médicas, medicamentos... A muller dun mestre chegou a acudir ao presidente da Deputación para informalo da mala situación en que se atopaba e que precisaba que a institución saldase a débeda. Este feito deu lugar a que o presidente se comprometese ao pagamento, mais realmente non se efectuou, polo que os docentes seguiron denunciando a situación.⁶⁵

Pasaban os anos, e aínda en 1923 a Asociación de Mestres do Carballiño continuaba a persistir na súa demanda, o que a levou a acudir a instancias superiores. En concreto remitiu unha instancia ao Ministerio de Instrución Pública en que informaba dos atrasos nos pagamentos da deputación provincial, e en efecto as autoridades centrais entenderon que os argumentos do seu presidente “no justifican ni explican la falta de pago a los maestros”⁶⁶

Lamentablemente, non chegou a resolverse o problema, o que supuxo un forte enfrontamento entre un maxisterio ourensán e a principal institución provincial. A unidade do profesorado foi incuestionable, xa que en relación cos ingresos do profesorado é sabido que percibían soldos bastante paupérrimos e os pagamentos complementarios nunca estaban de máis.

Outras actividades das asociacións con fins sociais e culturais

As asociacións de mestres tiñan entre as súas funcións principais aglutinar o maxisterio e facer defensa del, pero tamén cumprían un labor social e cultural na comarca respectiva. Así mesmo, facíanse eco de sucesos ou problemáticas que afectaban a toda a sociedade e apoiaban causas que eran preocupantes como era o fenómeno do descenso da natalidade e o aumento da mortalidade en España. Aquí cabe destacar a iniciativa que tiveron as mestras da Asociación de Xinzo pois, de xeito voluntario, ensinaban puericul-

⁶³ “Asociación de Maestros del partido de Ourense”, *La Región* (Orense), 6 de xaneiro de 1914, 1.

⁶⁴ González, J. M.^a, “Una circular”, *La Región*, 25 de xuño de 1919, 2.

⁶⁵ *La Zarpa*, 4 de xaneiro de 1922, 1.

⁶⁶ *La Zarpa*, 11 de decembro de 1923, 1.

tura ás mulleres do lugar co fin de inculcarlles a importancia do coidado e atención dos nenos. Este xesto tivo resonancia no resto do territorio español, e as asociacións de mestres do Estado, poñendo de exemplo as mestras de Xinzo, tamén propuxeron dar estas ensinanzas en todas as provincias de españolas co propósito de reducir a mortalidade infantil.⁶⁷

Outro exemplo, neste caso da Asociación de Mestres do Carballiño, foi o apoio á creación do asilo de pobres, do que se iniciaron as obras o 20 de xuño de 1915: “Cuenta con la segura cooperación de los maestros del partido de Carballino, siempre abnegados, siempre dispuestos a secundar toda iniciativa noble y generosa”⁶⁸

A creación de máis escolas foi outro dos temas promovidos polas asociacións. Coñecedoras de que eran escasas e estaban distanciadas, o cal impedía que os nenos e nenas tivesen unha asistencia regular, non dubidaron en facer presión para que se creasen máis establecementos.⁶⁹ Pero non só o número de escolas era preocupante, tamén se pedía que os seus locais fosen axeitados e garantisen unha práctica docente idónea. A de Celanova coñecía as deficiencias dos locais escolares, por iso propuxo nunha das asembleas solicitar ao gobernador civil da provincia poder clausurar as clases pola tarde nos meses de xullo e setembro –aínda que para iso fose necesario aumentar algunha hora pola mañá–, pois moitos dos locais escolares eran insalubres xa que estaban instalados preto de pantanos e neles facía moita calor e escaseaba a ventilación.⁷⁰

Coa chegada da Segunda República, as asociacións, xuntamente coa Inspección e a Escola de Maxisterio, promoveron diversas actividades de formación permanente. Noutras publicacións fixemos referencia á actividade da Asociación de Celanova.⁷¹ Tamén amosaron moita actividade as de Verín e O Carballiño, pois organizaban con frecuencia excursións de carácter artístico-recreativo convidando aos docentes da asociación a participar nelas.⁷² Nas biografías da inspectora Antonia Ortiz tamén afofamos no interese da Semana Pedagóxica organizada co maxisterio do Ribeiro.⁷³

Asociación de mestres de dereitos limitados

Ademais de organizarse asociacións para o maxisterio xeral, tamén foron aparecendo outras, as denominadas asociacións parciais, que ían defender asuntos que afectaban a sectores concretos do maxisterio, caso dos mestres con dereitos limitados, que eran

⁶⁷ *El Telegrama del Rif* (Melilla), 17 de decembro de 1915, 1.

⁶⁸ “Los maestros nacionales del Partido Judicial de Carballino”, *La Región*, 3 de xuño de 1915, 1.

⁶⁹ “Pidiendo una escuela”, *La Región*, 14 de xuño de 1910, 1; “Maestros de la Asociación de Ribadavia”, *La Zarpa*, 17 de marzo de 1932, 9.

⁷⁰ “Asociación de maestros del Partido de Celanova”, *Boletín del Magisterio* 42, (1907): 3.

⁷¹ “Programa para marzo de 1934”, *La Región*, 24 de marzo de 1933, 6; “Cursillo Pedagógico”, *La Zarpa*, 16 de marzo de 1933, 11. Véxase Xosé Manuel Cid Fernández. *Educación e Ideoloxía...* 28-38.

⁷² “Asociación de maestros de Carballino”, *La Zarpa*, 29 de maio de 1934, 9.

⁷³ Rosa María Cid Galante, “Antonia Ortiz Currais: A primeira inspectora de ensino primario en Galicia comprometida coa ensinanza e defensora da educación da muller”, *EDUGA, Revista Galega de Ensino*, 80 (2020).



Ribadavia. — Grupo de concursantes a la Semana Pedagógica, organizada por la Asociación de Maestros del Partido y la Inspectora de la Zona Srta. Antonia Ortiz Cuevas. (G).

Asistentes á Semana Pedagóxica coa inspectora Antonia Ortiz

Fonte: *Vida Gallega*, 10 de xuño de 1934.

aqueles cuxo soldo non chegaba a 1000 pesetas. Estaban conformadas por docentes interinos e substitutos e que ocupaban os últimos lugares na escala. Estas asociacións eran menos estables e permanentes, xa que cando alcanzaban un acordo en asuntos salariais, volvían á unidade da asociación xeral. En Ourense tiveron certa relevancia, pois apareceron en case todos os partidos xudiciais como escisións da asociación de mestres de partido. Así se constituíron as de Celanova, Viana do Bolo, Allariz e Ourense. No Carballiño non chegou a crearse, pois sentíanse ben representados pola asociación do partido xudicial.

Unha vez que se formaban estas asociacións, debían comunicalo á provincial. Así mesmo, cando tiveran confeccionado o regulamento debían sometelo á sanción do gobernador civil. Estas asociacións ocupáronse dos asuntos dos mestres interinos, o grupo máis sensible aos problemas xerais dos docentes. Por iso a Asociación de Allariz comprometeuse a traballar cada vez máis para conseguir as súas reivindicacións, como era o aboamento aos interinos das diferenzas de soldos e o aumento da consignación para material escolar.⁷⁴ A de Viana tamén comezou a reivindicar o atraso dos pagamentos aos mestres interinos por parte dos concellos e suplicaban o pagamento do aumento gradual do soldo que se lles debía desde 1908.⁷⁵

Pero a asociación de mestres de dereitos limitados que máis traballou e sobresaíu nas súas reivindicacións foi a de Allariz, que comezou a súa andaina pedindo ao presidente da Asociación de Ourense a convocatoria dunha asemblea coa finalidade de tomar acordos baixo os cales poderían rexerse todas as asociacións parciais. A Asociación de

⁷⁴ José Antonio Rey, presidente da “Asociación de Maestros de Derechos Limitados del partido de Allariz”, *La Región*, 6 de outubro de 1920, 2.

⁷⁵ “Asociación de maestros de derechos limitados del partido de Viana”, *La Región*, 9 de novembro de 1920, 2.

Allariz convocou asembleas con frecuencia e nelas acordáronse asuntos de moito interese: que aos mestres e mestras substitutos se lles concedese o dereito a ingresaren en propiedade por orde dos servizos prestados ou que o soldo mínimo fose de 3000 pesetas. A esta iniciativa tamén se sumou a Asociación de Mestres de Celanova nunha asemblea que convocou o seu presidente, Constantino Álvarez, o 3 de outubro de 1920.⁷⁶

Pasenñamente reivindicouse a unión do maxisterio primario, é dicir, a fusión das asociacións de mestres e mestras de plenos dereitos fusionaríanse coas de dereitos limitados e denominaríanse “Asociación de Mestres Nacionais de Instrución Primaria” do partido xudicial correspondente- “La unión del Magisterio primario conviene a todos. La diversidad de peticiones aisladas perjudica a nuestra causa. La unión constituye la fuerza. Hay que unirse. El tiempo apremia. La ocasión es oportuna.”⁷⁷

A Liga Nacional de Mestres rurais

Os mestres e mestras da provincia, ademais de teren a opción de ser socios das asociacións de mestres para reivindicar todos os asuntos que considerasen pertinentes, podían entrar a formar parte da Liga de Mestres Rurais. A de Ourense creouse en 1911 e acollía docentes que exercían en localidades con menos de mil habitantes e tiñan soldos entre 500 e 650 pesetas.

A Liga tiña unha directiva escollida por sufraxio directo. Cada 500 asociados de 650 pesetas escollían un vogal pertencente á súa categoría e o mesmo farían os de menor categoría. Tiñan vontade de colaborar co resto das asociacións do maxisterio.⁷⁸

A prensa local deseguida se fixo eco da nova organización, como se pode apreciar no texto que reproducimos de Pío Ramón y Ogea:

Espero, pues, que tratándose, como se trata, de la defensa de los maestros rurales, os impondréis un sacrificio y asistiréis a la reunión que en ella deis una prueba de gratitud a vuestro entusiasta defensor, señor de la Puerta, que viene a esta capital con el solo objeto de recoger vuestras aspiraciones, para dar cuenta en ellas a la Junta directiva de la Liga Nacional de Maestros rurales, a fin de que ésta gestione todo aquello a que tenéis perfecto derecho.⁷⁹

A ATEO e a Asociación de Mestres Católicos

Deixamos para o final a referencia a dúas asociacións nadas ao abeiro do pluralismo creado pola lexislación republicana. A Asociación de Trabaxadores de la Enseñanza de Orense (ATEO) víñase xestando na fin da ditadura de Primo de Rivera, ao tempo que se organizaba o republicanismo en Ourense, ao redor do semanario *La República*, dirixido polo profesor da Normal, Jacinto Santiago. Formalizou a súa legalización en 1932 e man-

⁷⁶ “Asociación de Maestros del partido de Celanova”, *La Región* (Orense), 3 de novembro de 1920, 2.

⁷⁷ *Ibidem*.

⁷⁸ Hernán de la Puerta, “Bases provisionales para constituir la Liga Nacional de Maestros rurales”, *El magisterio español: Revista General de la Enseñanza: época 4.^a*, ano XLV, número 3568 - 1911 Marzo 23, 2-3.

⁷⁹ Ramón y Ogea, P, “Convocatoria”, *La Región*, 8 de agosto de 1911, 1.



Mestres e mestras da Liga Nacional de Mestres Rurais

Fonte: *Boletín del Magisterio*, ano VI, n.º 224, 15 de setembro de 1911, 1. Na primeira fila figuran de esquerda a dereita: dona Dolores Soane, de Leiro; dona Sira González, de San Victorio; dona Encarnación Pousa, de Pitela; dona Aurora Presas, dona Carmen Carvajal, de Santa Mariña; dona Concha Rocafull, de párvulos en Ourense; dona María A. Villarino, de Rubiás; dona Julia Petra Martínez, de Córrego; mestra de Éntoma; dona Isabel Vázquez de la Vega; dona Magdalena Deza, de Baiste, Mestra de Bóveda e Mestra de Calvelle.

tivo unha altísima actividade, reflectida na súa revista mensual *Escuela de Trabajo*. Para afondar no coñecemento da súa traxectoria e a represión que sufriron os seus membros, véxanse as investigacións citadas ao longo deste traballo.⁸⁰

Con pretensión de combater a política educativa republicana, chegou a organizarse en 1935 unha nova asociación de mestres católicos, que tería o seu local na rúa Juan de Austria, número 3, e que segundo se indica:

no es una asociación más sino que la están exigiendo imperiosas necesidades ideológicas... Los maestros que creen necesaria una neutralidad política y religiosa se agrupan en torno a las Asociaciones de este tipo. Los que creen deben unir sus esfuerzos societarios a aquellos que propugnan ideologías materialistas con su secuela de lucha violenta de clases, ¿tienen también las suyas?, ¿por qué los maestros católicos no hemos de crear una, que sea como en los otros campos, lazo de unión estrecha que aumente los afectos, hermane las diferencias, propugne mejoras económicas y aspire al perfeccionamiento profesional de sus miembros...? Un grupo de educadores ourensanos, tras amplio cambio de impresiones, ha llegado a la absoluta coincidencia de constituir la Asociación de maestros católicos y se dirige a todos cuantos sientan los mismos fervorosos ideales...

⁸⁰ “En particular, varios artigos da revista *Sarmiento*, números 21 e 24, e a segunda edición de Xosé Manuel Cid Fernández. *Educación e Ideoloxía*....”

Salienta nesta asociación a gran participación feminina, pola combatividade que viñan manifestando na cidade as ideólogas de *Acción Femenina Gallega* e o conxunto da ideoloxía confesional.⁸¹

Conclusión

Vimos ao longo deste estudo, cando se creou a Asociación Provincial de Mestres en Ourense e cales eran os seus propósitos. Tamén se profundou na organización, funcionamento e actividade das asociacións dos partidos xudiciais da provincia. Diso transcende que as asociacións eran organismos de evidente axuda para os docentes, pois constituían un certo contrapeso ao illamento e dispersión en que se atopaban. Este sistema de agrupamento asociativo era o que mellor se adaptaba ao medio rural, pois as asociacións por partidos xudiciais permitía a proximidade aos problemas e inquietudes dos mestres da zona.

Mais, se ben é certo que os propósitos do asociacionismo eran ben intencionados e pretendían solucionar ou minorar os problemas máis inmediatos do maxisterio ourensán, padecían do seu pouco alcance posto que quedaban en asuntos moi puntuais, “domésticos” e de escasa traxectoria. Se a isto sumamos que a actividade non era igual en todas as zonas e que o índice de participación nas asembleas era bastante menor do desexado, o resultado é un asociacionismo bastante debilitado e de pouca consistencia. Por tanto, aínda que comprobamos que ao comezo da asociación provincial houbo un 38 % de docentes asociados, o cal é unha cifra importante, o certo é que o seu compromiso societario non era moi activo. Isto podería xustificarse no feito de que o maxisterio ourensán estaba moi disperso e rexentaba escolas unitarias e depauperadas, o que non favorecía a cohesión nin a concienciación.

Agora ben, a pesar de que a asociación se caracterizaba pola súa neutralidade e era escasamente esixente coa Administración, non podemos restar importancia a este tipo de organización, xa que supón unha base importante para os colectivos, asociacións e organizacións do maxisterio que cristalizarán nos anos trinta e que terán un maior calado, reivindicando con contundencia todo aquilo que consideraban necesario para mellorar a educación e a súa condición profesional. O importante é que os docentes ourensáns, tanto mestres como mestras, non se manteñen á marxe do asociacionismo e adquiren un certo espírito de clase profesional co afán de mellorar as súas condicións laborais e

⁸¹ Entre os socios e socias de Ourense fundadores podemos citar: María de las Candelas Iglesias Abella, María Cid López, Ascensión Seijo, Társila Seijo, Isabel Vázquez, Teresa Pereira, Antonia Fernández, Elvira Acevedo, Clotilde Tesouro, Marina Soto, María Teresa Amor, Josefa Acevedo, Elisa Fernández Pousa, Antolina Vila Puga, Remedios Sánchez Moura, Elvira Requejo, María Dolores Ríonegro, Julia Rey, Isabel Areán, Luís Quiroga Vázquez, Eduardo Sánchez; José M. González; Antonio Gamallo Montes; Claudio G. Laso; Manuel Fernández Pazo; Salustiano Sánchez, Florentino Valderrama, Enrique Salas; María Nespereira Quevedo; José Leiro Blanco, José Montes Rodríguez; Senén Bernárdez Pereira; Ricardo Fernández; Antonio Rodríguez Montero, Jesús Losada; Manuel Santalices Álvarez; Francisco García; José Pereira Yañez; Domingo Ares de Castro; Benito Caramés Gamallo, Isaac Docampo; José Blanco. *La Zarpa*, 12 de xullo de 1935, 4.

salariais, mais tamén de fomentar a formación permanente dos docentes, de achegar a cultura á sociedade e de implicarse en cuestións sociais.

Referencias bibliográficas

- Álvarez Lázaro, Pedro (dir.). *Cien años de educación en España: en torno a la creación del Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, 2001.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón; Moreno González, Xan; Palomares Ibáñez, José María e Varela González, Isaura. *O movemento obreiro en Galicia*. Vigo: Xerais, 1990.
- Benso Calvo, Carmen e Cid Galante, Rosa M.^a. “La enseñanza privada en Ourense a comienzos de siglo”. *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación* 8 (2004): 43-77.
- Cid Fernández, Xosé Manuel. *Educación e Ideoloxía en Ourense na IIª República*. Santiago: Servizo de Publicacións da Universidade, 1989 (2.^a ed. 2010, Editorial Andavira).
- Cid Fernández, Xosé Manuel. “El movimiento de educación para la paz entre las dos guerras mundiales”. *Historia de la Educación* 11 (1992): 281-282.
- Cid Fernández, Xosé Manuel. *Escola, Democracia e República. Teorías e institucións educativas en Ourense durante a II República*. Vigo: Concello de Ourense e Universidade de Vigo, 1994.
- Cid Fernández, Xosé Manuel. “A represión franquista do Maxisterio. Unha historia que debemos seguir reescribindo, para fundamentar historicamente unha educación para a paz”. *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*, 24 (2020): 265-282.
- Cid Galante, Rosa M.^a. “A percepción dos docentes do ensino primario ourensán a comezos do século XX: un profesorado en entredito”. *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 11 (2007): 37-57.
- Cid Galante, Rosa M.^a. *O ensino primario en Ourense (1900-1930)*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2017.
- Cid Galante, Rosa M.^a. “Antonia Ortiz Currais: A primeira inspectora de ensino primario en Galicia comprometida coa ensinanza e defensora da educación da muller”. *EDUGA. Revista Galega de Ensino*, 80 (2020). (edición on line).
- Cossío, Manuel B. *La enseñanza primaria en España*. Madrid: Fontanet, 1897.

- Costa Rico, Antón. "Magisterio". En *Gran Enciclopedia Galega XX*, 42-50. Santiago: Silverio Cañada editor, 1974.
- Costa Rico, Antón. "Socialismo e educación na Galiza do primeiro tercio do século XX". En *II Xornadas de Historia de Galicia. Aspectos da realidade Galega (século XV ao XX)*, ed. Xavier Castro e Jesús de Juana, 135-164. Ourense: Deputación Provincial, 1986.
- Costa Rico, Antón. "A longa historia do sindicalismo no ensino en Galicia", *Revista Galega de Educación*, 5 (1987): 57-59.
- Costa Rico, Antón. *Escolas e mestres*. Santiago: Consellería da Presidencia, 1989.
- Costa Rico, Antón. *Historia da educación e da cultura en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais, 2004.
- Cuesta Escudero, Pedro. *La escuela en la reestructuración de la sociedad española (1900-1923)*. Madrid: Siglo XXI de España, 1994.
- De Gabriel, Narciso. "Historia de la profesión docente en España". En *A história da educação em Espanha e Portugal. Investigações e actividades*, eds. Antonio Nóvoa e Julio Ruíz Berrio, 137-156. Lisboa: Sociedade Portuguesa de Ciências da Educação /Sociedad Española de Historia de la Educación, 1993.
- De Gabriel, Narciso. "A represión fascista do profesorado galeguista". *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*, 24 (2020): 211-237
- De Guzmán, Manuel. *Vida y muerte de las Escuelas Normales*, Barcelona: PPU, 1986.
- De Juana, Jesús e Castro, Xabier "A longa historia do sindicalismo no ensino en Galicia" *Revista Galega de Educación*, n.º 5, 1987, 57-59.
- De Luís Martín, Francisco. *Historia de la FETE (1909-1936)*. Madrid: Tecnos, 2009.
- De Puelles Benítez, Manuel. *Educación e ideología en la España Contemporánea*. Barcelona: Editorial Labor, 1991.
- Espinilla Herrarte, M.ª Lourdes. "El magisterio palentino en el primer tercio del siglo XX: del ideal regeneracionista a la realidad cotidiana". *Tabanque, Revista pedagógica*, 23 (2010): 243-260.
- Fernández Ascarza, Victoriano. *Diccionario de Legislación de Primera Enseñanza*. Madrid: El Magisterio Español, 1913.

- Ferraz Lorenzo, Manuel. "Antecedentes, origen y consolidación histórica del sindicalismo de la enseñanza en Canarias (1905-1936)". *Revista de Educación*, 308 (1995) 143-165.
- Ferrer y Rivero, P. *Tratado de la Legislación de Primera Enseñanza*. Madrid: Librería de los Sucesores de Hernando, 1915.
- Hernández, José M.^a. "La escuela rural en la España del siglo XX". *Revista de Educación*. Núm. Extraordinario 1 (2000): 113-136.
- Jiménez Landi, Antonio. *La Institución Libre de Enseñanza y su ambiente: Período de expansión influyente IV*. Madrid: Ministerio de Cultura/ Universidad Complutense/ Universidad de Barcelona/ Universidad de Castilla la Mancha, 1996.
- Liébana Collado, Alfredo. *Catálogo: Historia de la FETE desde los Orígenes a 1939. Preámbulo*: Gerardo Fernández, Secretario Relaciones Institucionales de FETE Pais Valenciá. Madrid: FETE-UGT, 2009.
- Llano Díaz, Ángel. "El VI Congreso de la Federación Internacional de Asociaciones de Maestros (FIAM-FIAI). Santander. 1933" *Cabás*, 15 (2016): 1-18. [http:// revista.muesca.es](http://revista.muesca.es).
- López del Castillo, M^a Teresa. *Historia de la inspección de primera enseñanza en España*. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, 2013.
- Marco López, Aurora e Porto Ucha, Serafín. *A Escola Normal de Santiago de Compostela. De Escola Normal Superior a Escola Universitaria (1849-1996)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2000.
- Mayorga Manrique, Alfredo. "La inspección en el nivel de la educación primaria. Proceso histórico". *Revista de Educación*, 320 (1999): 18-38.
- Ministerio de Educación y Ciencia. *Historia de la educación en España: de las Cortes de Cádiz a la Revolución de 1868*. II. Madrid: Secretaría General y Técnica MEC, 1989.
- Ministerio de Educación y Ciencia. *Historia de la educación en España: de la Restauración a la Segunda República*, III. Madrid: Secretaría General y Técnica MEC, 1989.
- Ministerio de Educación y Ciencia. *Centenario de la fundación del Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, 2000.
- Navarro, Ramón. *La escuela y el maestro en la España Contemporánea (1810-1939)*. Barcelona: PPU, 1998.

- Palomares Ibáñez, José M.^a. “Condición obreira, conflictividade e asociacionismo en Santiago na época da comisión de reformas sociais”. En *O movemento obreiro en Galicia*, eds Xosé Ramón Barreiro Fernández, Xan Moreno González, José María Palomares Ibáñez e Isaura Varela González, 115-138. Vigo: Xerais, 1990.
- Prada, Julio. *Violencia política, protesta social e orde pública no Ourense republicano*. A Coruña: Edicións do Castro, 2007.
- Quintas, Francisco Javier. *Historia do movemento obreiro socialista en Ourense (1895-1936)*. Santiago: Fundación Luis Tilve, 2012.
- Ramírez Aísa, Elías. *Génesis y configuración de la inspección de educación en la España liberal (1808-1874)*. Madrid: UNED, 1998.
- Terrón Bañuelos, Aida. “El movimiento asociacionista del magisterio nacional”. *Historia de la Educación. Revista Interuniversitaria*, 6 (1987) 279-300.
- Terrón Bañuelos, Aida. “Cien años de defensa colectiva: la dinámica societaria y sindical del Magisterio Español” *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 3 (1999): 157-182,
- Terrón Bañuelos, Aida. “Coordenadas del asociacionismo profesional de los docentes. Estado de la cuestión en España”. *Historia y Memoria de la Educación*, 1 (2015): 93-130.
- Terrón, Aida e Viñao, Antonio “Educación, movimiento obrero y sindicalismo (España, siglo XX)”. *Historia de la Educación*, 37 (2018): 69-114
- Vila Serra, José. *Ley Provincial*, Valencia: Biblioteca Jurídica de los Ayuntamientos y Juzgados Municipales. Imprenta del autor, 1906.
- Viñao Frago, Antonio. *Innovación pedagógica y racionalidad científica. La escuela graduada pública en España (1898-1936)*. Madrid: Akal, 1990.